

A CIG-Ensino concéntrase para denunciar o estado dos centros educativos galegos

Esixe na mesma concentración o cese do novo Director Territorial de Educación de A Coruña



Hoxe, mércores 18 de marzo, a CIG-Ensino concentrouse ante a Dirección Territorial da Consellaría de Educación da Coruña para denunciar o lamentable estado dos centros de ensino do País e nomeadamente os da provincia e esixir o cese do novo Director Territorial da Consellaría de Educación.

Ante a situación límite que atravesan numerosísimos centros de ensino público en Galiza CIG-Ensino manifestouse diante da Dirección Territorial da Consellaría de Educación na Coruña posto que neste provincia é destacábel o número de centros con deficiencias, situación que xa foi levada á Xunta de Persoal da provincia por parte da CIG-Ensino, sen que se tomasen medidas, máis alá de anunciar plans que nunca se levan a cabo.

As carencias son tan numerosas e a mobilización da comunidade educativa está sendo tan notable que se fai aínda máis vergoñenta a resposta da Administración, que non só amosa a súa desidia

senón que por riba transmite, por boca do propio Conselleiro de Educación que estamos ante unha situación de «normalidade», normalidade como a do CIFP Manuel Antonio, onde o profesorado chegou a realizar concentracións e paros na súa xornada laboral.

Esta «normalidade» é, na realidade, un escenario de deterioro estrutural e abandono que afecta directamente ao día a día de milleiros de alumnos, alumnas e docentes.

As pingueiras, as instalacións eléctricas obsoletas, deficientes e perigosas, os espazos sen uso por graves problemas estruturais, os problemas de accesibilidade, os sistemas de calefacción obsoletos, a falta de illamento térmico... son as condicións precarias en que o profesorado de moitísimos centros de ensino galegos vese obrigado a 'traballar' a diario e son tamén as condicións en que o alumnado ten que recibir unha educación que dista moito de ser de calidade, como tanto lle gusta presumir ao Conselleiro de Educación.



Desde a CIG-Ensino esiximos á Xunta que adique de xeito inmediato o investimento preciso para solucionar as deficiencias estruturais máis urxentes que afectan á seguridade e saúde e que sexa transparente co calendario das obras pendentes xa que os centros ven con indefensión, ademais, a inexistencia de criterios por parte da Administración educativa á hora de adjudicar a prioridade nas actuacións de reparación e mellora.

É necesario un incremento de orzamento para o mantemento de edificios que superan en moitos casos os 40 anos de antigüidade.

Esta mobilización súmase a folga anunciada para o día 28 de abril nas que a CIG-Ensino segue a solicitar reunirse coa Consellaría para negociar unhas melloras reais no sistema educativo galego.

Vergoñento nomeamento do novo Director Territorial de Educación en A Coruña

A Consellaría vén de nomear ao novo Director Territorial de educación en A Coruña e a persoa escollida non pode definir mellor o tratamento que lle está dando o goberno do Partido Popular ao ensino galego, nomea para o cargo a unha persoa que non ten relación algunha co ensino, pero se iso non era suficiente, o novo Director Territorial, **José Santiago Freire Abeijón**, foi investigado polo Fiscalía do Tribunal de contas e o propio presidente da Xunta, Rueda, chegou a dicir que algún dos gastos investigados polo tribunal chamaban a atención.

Ademais o novo Director Territorial é coñecido pola súa «neutralidade ideolóxica» cara o franquismo e contra as mulleres. É esta a neutralidade ideolóxica que defende o Partido Popular?



Desde a CIG-Ensino esiximos que se cese inmediatamente ao Xefe Territorial e se nomee a unha persoa adecuada para o cargo.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal